



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL ONCE.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas (PSdG-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García (PSdG-PSOE)

D. Rafael Luis Fernández Amor (PSdG-PSOE)

D. Jesús Antonio Fernández Cal (PSdG-PSOE)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López (PSdG-PSOE)

D<sup>a</sup>. María Concepción Toral Romero (PSdG-PSOE)

D. Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimunde González (PP)

Celestino V. García Paz (PP)

D. José Antonio Goás Basanta (BNG)

D. Orlando Expósito Mariño (EU)

D. Guillermo Leal Arias (Membro non adscrito)

D. Juan José Pardo Gato (Membro non adscrito)

D. Jesús Fernández Fernández (Membro non adscrito)

D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz (Membro non adscrito)

D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez (Membro non adscrito)

**AUSENCIAS**

D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro (PSdG-PSOE)

**SECRETARIO ACCTAL.**

Fátima Moar Rivera

**INTERVENTOR**

Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e un de marzo de dous mil once, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, o Secretario quen certifica.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión.



**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESEIÓNS EXTRAORDINARIA DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2010, ORDINARIA DE 27 DE DECEMBRO DE 2010, EXTRAORDINARIA DE 30 DECEMBRO DO 2010, ORDINARIA DE 24 DE XANEIRO DE 2011 E EXTRAORDINARIA URXENTE DE 4 DE FEBREIRO DE 2011.**

Pregúntase aos Señores Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer as Actas das Sesións que se relacionan anteriormente, non producíndose ningunha aclaracións as mesmas, O Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes acordan dar aprobación as Actas das sesións extraordinaria do día 2 de decembro de 2010, ordinaria de 27 de decembro de 2010, extraordinaria de 30 decembro do 2010, ordinaria de 24 de xaneiro de 2011 e extraordinaria urxente de 4 de febreiro de 2011.

**2º.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACION ELECTRONICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.**

Dí o Alcalde que hoxe foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa esta proposta e que a Dirección Xeral de Administración Local comunicouno, no que se informa sobre o prazo para a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia fixado no 31 de marzo de 2011.

Sometido o asunto a votación o Pleno por unanimidade acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Acordar a adhesión do Concello de Viveiro ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a cumprimentación do ANEXO II do Convenio.

TERCEIRO.- Que se cumprimente e asine o certificado do presente acordo de aprobación de adhesión de xeito dixital (en liña) na dirección electrónica indicada no fax, por parte da secretaria do Concello e posterior validación por parte da Alcaldía.



CUARTO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura de cantos documentos se deriven do presente acordo.

**3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO DOS CIDADÁNS AOS SERVIZOS PÚBLICOS POR MEDIOS ELECTRÓNICOS.**

Dí o Alcalde que hoxe foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, esta proposta de aprobación da Ordenanza Reguladora do acceso dos cidadáns aos servizos públicos por medios electrónicos.

Sometido o asunto a votación o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora do acceso dos cidadáns aos servizos públicos por medios electrónicos do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública por espazo de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e darlle audiencia aos concesionarios de servizos públicos, A TURVIVEIRO S.L., APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L., EOGAL VIVEIRO S.L. e ás asociacións veciñais polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

TERCEIRO.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entederáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

CUARTO.- Publicación: Dacordo co disposto no artigo 70.2 as Ordenanzas, publicaránse no BOP e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2, iste prazo é de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular o requerimento de anulación da Ordenanza, contados a partires do seguinte a aquel en que sexa remitida en cumprimento do disposto no artigo 56 de LRBRL (seis días para a remisión mais quince días para o requerimento-artigos 196.3 e 215.2 do ROF).

**4º.- RECTIFICACIÓN, SE PROCEDE. DO ERRO MATERIAL OU DE FEITO DO ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE, CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2010, SOBRE DECLARACIÓN DO PLENO SOBRE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.**



Polo Sr. Alcalde se manifesta que apreciado un erro de feito no acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de outubro de 2010, sobre bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras, consistente na omisión dos decimais no tipo de gravame que era do 2,05 para o cálculo da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, procede de acordo co disposto no artigo 220.1 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria subsanar o mesmo.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda:

Estimar a solicitude de Don Antonio Lage López DNI 34636892-L, e concederlle unha bonificación do 95 % sobre a cota íntegra do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, pola licenza de obra denominada "rehabilitación do antigo secadorio de madeira pertencente ao complexo industrial Barro-Chavín" ao apreciarse a existencia dun especial interese e utilidade municipal concorrendo as circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas e de fomento do emprego, o importe a bonificar é o seguinte de acordo co desglose feito pola tesourería municipal:

<u>Orzamento base de licitación</u>	<u>Cota</u>	<u>bonificación</u>	<u>Total bonificado</u>
307.393,00 €	6.301,56 €	95%	5.986,48 €

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, de todo o que eu, como Secretario dou fe.

Vº. e Prace

O ALCALDE,

O SECRETARIO,